

PROPOSTA DE MODIFICACIÓN CURRICULAR. 3º DE PRIMARIA.

• Área de Lengua Castellana.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
1. Ler de forma correcta un texto adaptado á súa idade con correcta entoación, pronunciación e ritmo.	1.1. Le correctamente un texto facendo as pausas necesarias, vocaliza de forma axeitada e respecta a puntuación e as normas gramaticais do texto. 1.2. Le coa entoación e o ritmo axeitados un texto adaptado á súa idade.
2. Ler comprensivamente un texto adaptado á súa idade.	2.1. Le un texto de forma comprensiva e é quen de extraer os elementos máis importantes do mesmo. 2.2. É quen de contestar ás preguntas “quen?”, “cando?”, “onde?”, “como?” e “por que?” dun texto adaptado e pode interiorizar unha idea global dese texto.
3. Dominar o vocabulario adaptado á súa idade, tanto de forma oral como escrita.	3.1. Entende e emprega o vocabulario adecuado á súa idade. 3.2. Busca con diferentes ferramentas o vocabulario adaptado que descoñece.
4. Asimilar diferentes relacións entre as palabras tales como a sinonimia, a antonimia, a polisemia, a composición ou a derivación.	4.1. Asimila os conceptos de sinonimia, antonimia, polisemia, composición ou derivación das palabras dun vocabulario. 4.2. Establece e aplica os conceptos anteriores entre diferentes palabras dadas.
5. Coñecer o concepto de sílaba e clasificar as palabras en función do número de sílabas.	5.1. Coñece o concepto de sílaba e é quen de dividir e clasificar palabras en función do seu número de sílabas.
6. Identificar as diferentes partes que compoñen unha palabra diferenciando entre lexemas e morfemas.	6.1. Identifica as partes da palabra e separa os morfemas dos lexemas.
7. Dominar as regras básicas de ortografía.	7.1. Domina as regras básicas de ortografía, tales como emprego do “b” ou “v”, as palabras con “h”, emprego de dígrafos, etc. 7.2. Domina as regras básicas de acentuación.
8. Identificar as regras básicas de puntuación.	8.1. Identifica as regras básicas de puntuación. 8.2. Puntuúa correctamente textos e frases adaptadas.
9. Recoñecer os diferentes tipos de palabras xa traballadas. Diferenciar entre substantivos, adxectivos, determinantes e verbos.	9.1. Recoñece os diferentes tipos de palabras. 9.2. Recoñece o substantivo e é quen de clasificalo. 9.3. Recoñece o adxectivo. 9.4. Recoñece diferentes tipos de determinantes (artigos determinados e indeterminados, demostrativos e posesivos). 9.5. Recoñece o verbo e o concepto de persoa, número e conxugación. Diferencia entre pasado, presente e futuro.

10. Identificar os conceptos de oración e frase e os tipos básicos de oración.	10.1. Identifica e diferencia os conceptos de oración e frase. 10.2. Diferencia e clasifica as oracións enunciativas, interrogativas e exclamativas.
11. Recoñecer e diferenciar os diferentes xéneros literarios.	11.1. Recoñece e diferencia entre os tres xéneros literarios principais: narrativa, poesía e teatro. 11.2. Identifica o xénero ou xéneros literarios aos que pertence un texto dado.
12. Identificar diferentes tipos de textos, tales como o conto, a fábula e a descrición.	12.1. Identifica e diferencia diferentes tipos de texto tales como o conto, a fábula ou a descrición. 12.2. Recoñece as particularidades de cada un deses tipos de textos.
13. Producir textos propios adaptados á súa idade e de diferentes tipos e xéneros.	13.1. Produce textos adaptados á súa idade de diferentes tipos respectando as características propias de cada texto. 13.2. Mantén a coherencia narrativa e establece correctamente as partes dun texto producido por el/ela. 13.3. Escribe textos propios respectando coa lonxitude e os elementos que se lle solicitan.
14. Desenvolver progresivamente o hábito lector e o interese pola lectura.	14.1. Desenvolve de forma progresiva o hábito lector e incrementa o seu interese por ler textos de diferentes tipos de forma voluntaria.
15. Manter uns hábitos de limpeza e corrección nos traballos presentados e unha correcta caligrafía.	15.1. Escribe de forma correcta e perfectamente lexible, tanto para el(ela como para os demais. 15.2. As súas producións escritas e os seus traballos manteñen unha correcta limpeza e orde. 15.3. Respecta, ordena e coida o seu material de traballo e o dos demais.
16. Rematar e presentar puntual e adecuadamente os traballos e tarefas solicitados, tanto de xeito presencial como telemático.	16.1. Remata e completa as tarefas solicitadas. 16.2. Realiza todas as actividades propostas tanto de xeito presencial como telemático.

• Área de Lingua Galega.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
1. Expresarse de forma correcta oralmente empregando a lingua galega, tanto dentro como fóra da aula e en diferentes ámbitos na escola.	1.1. Emprega o galego como lingua vehicular na escola tanto dentro como fóra da aula. 1.2. Exprésase correctamente de xeito oral en lingua galega.

2. Ler comprensivamente un texto adaptado á súa idade.	<p>2.1. Le un texto de forma comprensiva e é quen de extraer os elementos máis importantes do mesmo.</p> <p>2.2. É quen de contestar ás preguntas “quen?”, “cando?”, “onde?”, “como?” e “por que?” dun texto adaptado e pode interiorizar unha idea global dese texto.</p>
3. Dominar o vocabulario adaptado á súa idade, tanto de forma oral como escrita.	<p>3.1. Entende e emprega o vocabulario adecuado á súa idade.</p> <p>3.2. Busca con diferentes ferramentas o vocabulario adaptado que descoñece.</p>
4. Asimilar diferentes relacións entre as palabras tales como a sinonimia, a antonimia, a polisemia, a composición ou a derivación.	<p>4.1. Asimila os conceptos de sinonimia, antonimia, polisemia, composición ou derivación das palabras dun vocabulario.</p> <p>4.2. Establece e aplica os conceptos anteriores entre diferentes palabras dadas.</p>
5. Coñecer o concepto de sílaba e clasificar as palabras en función do número de sílabas.	5.1. Coñece o concepto de sílaba e é quen de dividir e clasificar palabras en función do seu número de sílabas.
6. Identificar as diferentes partes que compoñen unha palabra diferenciando entre lexemas e morfemas.	6.1. Identifica as partes da palabra e separa os morfemas dos lexemas.
7. Dominar as regras básicas de ortografía.	<p>7.1. Domina as regras básicas de ortografía, tales como emprego do “b” ou “v”, as palabras con “h”, emprego de dígrafos, etc.</p> <p>7.2. Domina as regras básicas de acentuación.</p>
8. Identificar as regras básicas de puntuación.	<p>8.1. Identifica as regras básicas de puntuación.</p> <p>8.2. Puntúa correctamente textos e frases adaptadas.</p>
9. Recoñecer os diferentes tipos de palabras xa traballadas. Diferenciar entre substantivos, adxectivos, determinantes e verbos.	<p>9.1. Recoñece os diferentes tipos de palabras.</p> <p>9.2. Recoñece o substantivo e é quen de clasificalo.</p> <p>9.3. Recoñece o adxectivo.</p> <p>9.4. Recoñece diferentes tipos de determinantes (artigos determinados e indeterminados, demostrativos e posesivos) e as súas contraccións.</p> <p>9.5. Recoñece o verbo e o concepto de persoa, número e conxugación. Diferencia entre pasado, presente e futuro.</p>
10. Identificar os conceptos de oración e frase e os tipos básicos de oración.	<p>10.1. Identifica e diferencia os conceptos de oración e frase.</p> <p>10.2. Diferencia e clasifica as oracións enunciativas, interrogativas e exclamativas.</p>
11. Recoñecer e diferenciar os diferentes xéneros literarios.	<p>11.1. Recoñece e diferencia entre os tres xéneros literarios principais: narrativa, poesía e teatro.</p> <p>11.2. Identifica o xénero ou xéneros literarios aos que pertence un texto dado.</p>
12. Identificar diferentes tipos de textos, tales como o conto, a fábula e a descrición.	<p>12.1. Identifica e diferencia diferentes tipos de texto tales como o conto, a fábula ou a descrición.</p> <p>12.2. Recoñece as particularidades de cada un deses tipos de textos.</p>

13. Valorar a importancia dos textos escritos en galego.	13.1. Valora e aprecia riqueza dos textos escritos en galego.
14. Recoñecer diferentes manifestacións propias da cultura, as tradicións e o folclore vencellados ao idioma galego, tales como o Samaín, o Entroido, os Maios, ect.	14.1. Recoñece as diferentes manifestacións culturais específicas e representativas da cultura galega. 14.2. Identifica os trazos máis destacados da cultura e das tradicións de Galicia. 14.3. Conmemora diferentes festas e tradicións propias da cultura galega tales como o Samaín, o Entroido, os Maios, o Magosto...
15. Participar na conmemoración do día das Letras Galegas.	15.1. Participa na conmemoración do Día das Letras Galegas e realiza correctamente as diferentes actividades programadas para esa festa relacionadas coa vida e a obra literaria de Ricardo Carballo Calero.
16. Producir textos propios adaptados á súa idade e de diferentes tipos e xéneros.	16.1. Produce textos adaptados á súa idade de diferentes tipos respectando as características propias de cada texto. 16.2. Mantén a coherencia narrativa e establece correctamente as partes dun texto producido por el/ela. 16.3. Escribe textos propios respectando coa lonxitude e os elementos que se lle solicitan.
17. Desenvolver progresivamente o hábito lector e o interese pola lectura.	17.1. Desenvolve de forma progresiva o hábito lector e incrementa o seu interese por ler textos de diferentes tipos de forma voluntaria.
18. Manter uns hábitos de limpeza e corrección nos traballos presentados e unha correcta caligrafía.	18.1. Escribe de forma correcta e perfectamente lexible, tanto para el(ela como para os demais). 18.2. As súas producións escritas e os seus traballos manteñen unha correcta limpeza e orde. 18.3. Respecta, ordena e coida o seu material de traballo e o dos demais.
19. Rematar e presentar puntual e adecuadamente os traballos e tarefas solicitados, tanto de xeito presencial como telemático.	19.1. Remata e completa as tarefas solicitadas. 19.2. Realiza todas as actividades propostas tanto de xeito presencial como telemático.

• Área de Matemáticas.

1. Estándades de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
1. Ler, escribir e ordenar, utilizando razonamentos apropiados, distintos tipos de números (romanos, naturais, fraccións e decimais ata as centésimas).	1.1. Le, escribe e ordena en textos numéricos e da vida cotiá números (naturais, fraccións e decimais ata as centésimas), utilizando razoamentos apropiados e interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.
2. Ordenar números ordinais ata o trixésimo.	2.1. Ordena números ordinais ata o trixésimo.
3. Coñecer os números romanos e a súa utilización .	3.1. Coñece os números romanos.

	3.2. Usa axeitadamente as regras de utilización dos números romanos
4. Calcular sumas e restas, comprobando aritmeticamente a corrección do resultado obtido.	4.1. Realiza sumas sen erros con números enteiros e decimais. 4.2. Realiza restas sen erros con números enteiros e decimais.
5. Resolver problemas da vida cotiá mediante unha ou varias operacións aritméticas e comprobar que os resultados obtidos son razoables.	5.1. Selecciona a operación correcta para resolver problemas de situacións reais.
6. Identificar os distintos termos da multiplicación e utilizar os termos de factores e produto.	6.1. Escribe multiplicacións utilizando correctamente o signo "x" e diferenciando os factores e o produto.
7. Memorizar as táboas de multiplicar.	7.1. Responde automaticamente ao produto de dous números díxitos, 7.2. É capaz de encontrar o segundo factor coñecendo un dos factores e o produto.
8. Calcular o dobre e o triplo. Coñecer as relacións "ser dobre de" e "ser triplo de" e aplicarlas ao cálculo.	8.1. Asocia números díxitos co seu dobre ou co seu triplo. 8.2. Calcula o dobre e o triplo dun número dado mediante a multiplicación por 2 e por 3.
9. Coñecer e utilizar o algoritmo da multiplicación por unha ou dúas cifras de números de dúas ou máis cifras, sen levar e levando.	9.1. Realiza multiplicacións de números de dúas ou máis cifras, sen levar e levando.
10. Identificar e diferenciar as divisións exactas e inexactas.	10.1. Identifica e diferencia as divisións exactas e inexactas.
11. Coñecer e aplicar o algoritmo da división con dividendos de varias cifras e divisores dunha cifra.	11-1. Coñece e aplica o algoritmo da división con dividendos de varias cifras e divisores dunha cifra.
12. Coñecer a relación existente entre os termos dunha división	12.1. Aplica a relación existente entre os termos dunha división para comprobar o resultado.

• Área de Educación Artística.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
1. Realizar as diferentes actividades propostas.	1.1. Realiza as diferentes actividades propostas en cada momento.
2. Presentar as actividades en tempo e forma adecuados.	2.1. Presenta os diferentes traballos cando se lle solicita e correctamente realizados.
3. Amosar interese polas diferentes manifestacións artísticas en xeral e polas plásticas e pictóricas en particular.	3.1. Amosa interese e motivación polas artes en xeral e polas plásticas en particular. 3.2. Motívase á hora de realizar os traballos propostos.
4. Mellorar a súa percepción de conceptos tales como a forma, a cor, a textura, a dimensión e a perspectiva.	4.1. Mellora o seu coñecemento e dominio de conceptos coma a forma, a cor, a textura, a dimensión e a perspectiva.
5. Adquirir hábitos de coidado e orde e limpeza do material propio e o dos demais.	5.1. Coida, ordena e mantén limpo o seu material e o dos demais.

- **Área de Educación en Valores.**

2. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
1. Desenvolver actitudes de respecto, tolerancia e empatía.	1.1. Desenvolve actitudes de respecto, tolerancia e empatía cara os demais. 1.2. É quen de poñerse no lugar do outro e entender os problemas dos demais.
2. Adquirir unha adecuada autoestima e un positivo autoconceito.	2.1. Adquire progresivamente unha adecuada autoestima e un maior respecto por si mesmo e polos demais.
3. Amosar respecto polas normas dentro e fóra da aula.	3.1. Respecta as normas e cumpre coas súas obrigas axeitadamente.

- **Área de Ciencias da Natureza.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
1. Enumerar as características dos seres humanos.	1.1. Enumera as características diferenciais dos seres humanos.
2. Recoñecer as partes do corpo humano.	2.1. Recoñece as diferentes partes do corpo humano: ósos, músculos e diferentes aparellos. 2.2. Localiza na figura humana as diferentes partes.
3. Identificar os cambios que se producen nas distintas etapas da vida.	3.1. Coñece os cambios que se producen nas distintas etapas da vida.
4. Recoñecer as funcións dos órganos dos sentidos e o que podemos percibir a través de cada un deles.	4.1. Recoñece as funcións dos órganos dos sentidos. 4.2. Sabe o que podemos percibir a través de cada un dos sentidos.
5. Identificar os cinco sentidos ,localizalos correctamente na parte correspondente da anatomía humana.	5.1. Identifica os cinco sentidos 5.2. Localiza correctamente os órganos dos sentidos.
6. Recoñecer as partes dos órganos dos sentidos.	6.1. Recoñece as partes dos diferentes órganos dos sentidos.
7. Saber indicar os alimentos que debemos tomar cada día a partir da análise da pirámide dos alimentos.	7.1. Indica os alimentos que debemos tomar cada día partindo da análise da pirámide dos alimentos.
8. Recoñecer os hábitos de saúde necesarios para previr enfermidades.	8.1. Coñece os hábitos de saúde que se deben adquirir para previr enfermidades.
9. Coñecer as funcións vitais dos seres vivos .	9.1. Identifica as funcións vitais dos diferentes seres vivos.
10. Nomear os grupos de vertebrados e invertebrados.	10.1. Nomea os grupos de vertebrados e invertebrados.
11. Identificar as características destes animais.	11.1. Identifica as características básicas destes animais en casos concretos.
12. Recoñecer as partes dunha planta, identificalas en fotografías e en exemplares reais.	12.1. Recoñece as partes dunha planta. 12.2. Identifica plantas en fotografías e en exemplares reais.
13. Describir de xeito sinxelo as funcións que realiza cada parte dunha	13.1. Describe as partes dunha flor, planta...

planta.	13.2. Coñece o proceso de formación de froitos e sementes.
14. Identificar a fauna e a flora de Galicia.	14.1. Identifica os principais elementos diferenciadores da flora e a fauna de Galicia.
15. Mostrarse sensible ante o coidado da natureza.	15.1. Describe pautas concretas de comportamento para evitar o deterioro da natureza.

● Área de Ciencias Sociais.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
1. . Recoñecer e situar os elementos principais do sistema solar: o Sol, os planetas.. e as súas características básicas.	1.1. . Identifica, localiza os elementos principais do Sistema Solar: o Sol, os planetas e recoñece algunha das súas características máis importantes.
2. . Localizar o planeta Terra e a Lúa no sistema solar recoñecendo as súas características principais, movementos e consecuencias.	2.1. Describe os movementos terrestres, o eixe do xiro e os polos xeográficos. 2.2. Expón como se produce o cambio entre o día e a noite e as estacións do ano como consecuencia dos movementos terrestres. 2.3 . Identifica a Lúa como satélite da Terra e describe algunha das súas características .
3. Identificar as distintas formas de representar a superficie terrestre e localizar o lugar no que vive.	3.1. . Recoñece as distintas formas de representación da Terra, planos, mapas, planisferios e globos terráqueos.
4. . Distinguir entre planos e mapas, incluíndo os planisferios, facendo sinxelas interpretacións con escalas e signos convencionais básicos sobre mapas ou planos da súa entorna próxima.	4.1. Diferencia entre plano, mapa e planisferios, interpreta unha escala sinxela nun mapa e identifica signos convencionais máis usuais e básicos que poden aparecer nel.
5. Recoñecer os puntos cardinais e os instrumentos para orientarse.	5.1. Coñece os puntos cardinais. 5.2.Recoñece os instrumentos que se poden utilizar para orientarse nun espazo.
6. Identificar a atmosfera como escenario dos fenómenos meteorolóxicos, coñecer algúns destes fenómenos e, explicar como se forman as nubes e as precipitacións.	6.1. Identifica e nomea fenómenos atmosféricos e describe as causas que producen a formación das nubes e as precipitacións.
7. Identificar os instrumentos de medida que se empregan para a recollida de datos atmosféricos.	7.1. Identifica os distintos aparellos de medida que se utilizan para recoller datos do tempo atmosférico.
8. Diferenciar entre clima e tempo atmosférico, recoñecer as tres grandes zonas climáticas mundiais e comparalas co clima do espazo no que vive.	8.1. Diferencia entre clima e tempo atmosférico. 8.2. Nomea as tres grandes zonas climáticas do planeta e identifica algunha característica principal do clima da súa contorna.
9. Explicar como se produce o ciclo da auga e as súas fases relacionándoos	9.1. Escribe ordenadamente as fases nas que se produce o ciclo da auga.

cos elementos da paisaxe da súa contorna próxima.	9.2. Relaciona o proceso do ciclo da auga con elementos cercanos: ríos, augas subterráneas...
10. Explicar que é unha paisaxe, os seus elementos básicos e recoñecer os distintos tipos de paisaxes de Galicia.	10.1. Define paisaxe, identifica os seus elementos e recoñece as diferentes tipos de paisaxe básicas na súa comunidade autónoma.
11. Localizar nun mapa os principais elementos da paisaxe.	11.1. Localiza nun mapa os elementos máis relevantes da paisaxe.
12. Explicar as consecuencias da intervención humana no medio próximo	12.1. Explica as consecuencias negativas que a acción humana ten sobre o medio máis próximo.
13. Expoñer a organización social, política e territorial da contorna .	13.1. Describe a estrutura básica da organización social, política e territorial da contorna .
14. Valorar a diversidade cultural, social, política e lingüística de Galicia respectando as diferenzas.	14.1. Recoñece, partindo da realidade galega, a diversidade cultural, social, política e lingüística nun mesmo territorio como fonte de enriquecemento cultural.
15. Comprender os principais conceptos básicos demográficos, representar os datos en gráficas básicas e comunicar os resultados.	15.1. Define demografía, comprende os principais conceptos demográficos e os representa en gráficas sinxelas.

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	Procedementos: Revisión de actividades reenviadas polo alumnado. Mantemento dun feedback de xeito co alumnado que nos permita coñecer en cada momento o grado de desenvolvemento das competencias de cada alumno.
	Instrumentos: Resolución de dúbidas por correo electrónico ou telefonicamente. Probas de adquisición de contidos realizadas e recollidas telematicamente ao final do trimestre.
Cualificación final	Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso: Ponderaranse as notas da 1ª e 2ª avaliación e engadirase unha porcentaxe dun 5% polo traballo realizado no 3º trimestre.
Proba extraordinaria de setembro	O alumnado de Primaria está excluído da realización desta proba.
Alumnado de materia pendente	Criterios de avaliación:
	Criterios de cualificación:
	Procedementos e instrumentos de avaliación:

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	Serán de repaso, reforzo e ampliación dos contidos xa estudados. Buscaranse actividades motivadoras, variadas e que fomenten a aprendizaxe global e autónoma do alumnado.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	Metodoloxía activa . Buscarase a aprendizaxe autónoma e a través do descubrimento a partir das actividades propostas dende o centro. Procurarase que as actividades se adapten á situación especial de traballo na casa. Puntualmente remitiranse por vía telemática as correccións das diferentes actividades e manterase un contacto constante co alumnado e as súas familias.
Materiais e recursos	-Ordenador, tablet ou teléfono móbil para realizar as diferentes actividades interactivas ou como apoio para as actividades funxibles e para a busca de información. -Fichas fotocopiadas que o concello reparte ao alumnado sen conexión.

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	A comunicación coas familias realízase a través da aplicación Abalarmobil, por correo electrónico ou telefonicamente.
Publicidade	Publicación das novas actividades ou de calquera aviso ou aclaración na páxina web do centro e a través da aplicación de Abalarmóbil..